

FICHA 1

BLOQUE

2

O MUNDO QUE NOS RODEA

O aire e a atmosfera

Nome _____ Data _____

Que é o efecto invernadoiro?

Xa sabes que a atmosfera é a capa de gases que envolve a Terra. Na atmosfera, ademais do osíxeno que necesitamos para respirar, hai outros gases, como o dióxido de carbono e o vapor de auga. Grazas a estes gases, a calor do Sol non escapa cara ao espazo e a Terra mantense a unha temperatura adecuada para a vida. Isto é o que se chama efecto invernadoiro.



No obstante, na actualidade, a cantidade de gases de efecto invernadoiro que contén a atmosfera aumentou moito. Isto débese principalmente á acción do ser humano. Por exemplo, os gases que acotío emiten os vehículos e as fábricas, ou os que expulsan os aerosois á atmosfera producen o efecto invernadoiro.

A principal consecuencia do incremento destes gases é a suba da temperatura da superficie terrestre e, polo tanto, o desxeo dos polos. En xeral, estase producindo un quecemento global do planeta. Isto é moi perigoso, xa que, se segue aumentando, pode ser moi negativo para a vida.

1 Le o texto e contesta.

- Que gases forman a atmosfera? _____


- A que lle chamamos efecto invernadoiro? Marca a resposta correcta.
 - Algúns gases da atmosfera manteñen a Terra a unha temperatura adecuada.
 - Algúns gases da atmosfera fan que a Terra arrefría.
- Que está ocorrendo na actualidade na atmosfera? A que se debe?

FICHA 2

PROGRAMA DE AMPLIACIÓN. Ficha 4

2 Estas son algunhas consecuencias do quecemento global. Escríbeas no lugar que corresponde no debuxo.

- Derrétese o xeo dos polos.
- O nivel do mar aumenta e algúns lugares cubriranse de auga.
- Aumentan as temperaturas e as secas.
- Esténdense os desertos.



3 Investiga e escribe algunhas medidas que podemos adoptar as persoas para frear o quecemento global do planeta.

FICHA 3

NOME _____ DATA _____

Marca a resposta correcta. Podes axudarte co libro (temas 1,2,3).

- 1 Un corpo celeste esférico que xira arredor do Sol é...**
a. un satélite. b. unha estrela. c. un planeta.
- 2 O movemento da Terra que dá lugar ás estacións é o...**
a. de rotación. b. de translación. c. lunar.
- 3 O océano máis extenso é o...**
a. Atlántico. b. Pacífico. c. Asia.
- 4 As capas da Terra son:**
a. ecuador, polo e meridiano.
b. hidrosfera, xeosfera e atmosfera.
c. océano, continente e illa.
- 5 A Terra divídese en dúas metades:**
a. o polo norte e o polo sur.
b. o planisferio e o mapamundi.
c. o hemisferio norte e o sur.
- 6 O compás serve para...**
a. coñecer o tempo. b. orientarse. c. saber a velocidade do vento.
- 7 Toda a superficie da Terra represéntase en...**
a. mapas e planisferios.
b. globos terráqueos e planos.
c. planisferios e globos terráqueos.
- 8 Os sucesos naturais que ocorren na atmosfera son...**
a. o tempo atmosférico. b. o vento. c. os fenómenos atmosféricos.
- 9 O gas máis abundante no aire é...**
a. o vapor de auga. b. o osíxeno. c. o nitróxeno.
- 10 O clima é...**
a. a chuvía que cae nun lugar ao longo de varios anos.
b. o tempo que vai nun lugar ao longo de varios anos.
c. os fenómenos atmosféricos que ocorren nun lugar.

